

## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 28/05/2026

Hora: 19:00 h. a 1.<sup>a</sup> convocatoria e ás 19:00 h. a 2.<sup>a</sup>, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

### I- PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 26/03/2026. Acta 03/2026.

1.2.-Acta da sesión extraordinaria do 23/04/2026. Acta 04/2026.

2.-Aprobar se procede, a resolución definitiva do expediente de investigación de camiño público entre as parcelas 1522 e 1521 da PCP Oroso-Gándara-Deixebre Trasmonte no lugar da Estación de Oroso (EXP. 2022/X999/000403).

3.-Aprobar inicialmente se procede a modificación orzamentaria 05-2026 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado mediante baixas por anulación de outras partidas que se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo (EXP. 2026/t002/000005).

### II PARTE DE CONTROL

4.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 403/2026 do 20/03 ata a 715/2026 do 21/05.

5.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 20/03/2026 ata o 21/05/2026.

6.- Mocións dos Grupos municipais.

7.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.oruso.gal/opencms/gl/> ) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.